

**COMISIÓN DE SELECCIÓN FACULTATIVO/A DO SERVIZO DE DIAGNÓSTICO POR  
IMAXE DO HVU-RC  
(Convocatoria 26 de outubro de 2023; anuncio DOG 2 de novembro)**

A comisión de selección para a cobertura temporal dunha praza de facultativo veterinario para o servizo de diagnóstico por imaxe (651PND08), na súa reunión de día 30 de novembro de 2023, acordou:

- 1- Convocar aos aspirantes a realización do primeiro e segundo exercicio, que se desenvolverán como a seguir se indica:
  - DATA: **Día 14 de decembro de 2023.**
  - HORA: **Primeiro exercicio, 09:00 horas; segundo exercicio, 10:15 horas.**
  - LUGAR: **Biblioteca do HVU-Rof Codina; Estrada da Granxa 51, Lugo.**

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento oficial con fotografía que acredite a súa identidade (pasaporte ou permiso de conducir) e bolígrafo.

**Primeiro exercicio**, consistirá nun cuestionario por escrito de 60 preguntas tipo test, máis 5 de reserva, con tres respostas alternativas das cales só unha será a correcta, correspondentes ó bloque de coñecementos que figura no programa que se relaciona no anexo II. Cada pregunta correcta terá un valor de 0,5 puntos, 3 preguntas incorrectas restarán 0,5 puntos. A puntuación máxima é de 30 puntos. Para superar a proba é necesario obter 12,5 puntos.

O tempo para realizar a proba será de 60 minutos.

**Segundo exercicio:** So realizarán este exercicio os/as aspirantes que superen o primeiro exercicio. A comisión realizará a valoración do primeiro exercicio antes da realización do segundo exercicio e dará a coñecer os resultados aos/ás aspirantes antes do comezo desta segunda proba.

A proba consistirá na realización dun exercicio de carácter práctico, proposto polo tribunal e relacionado co contido do programa do anexo II, no que os/as aspirantes deberán demostrar as capacidades para o desempeño das funcións correspondentes.

A puntuación máxima deste exercicio é 30 puntos. Para superar a proba é necesario obter 12,5 puntos

O tempo máximo de realización é 45 minutos

Para a corrección deste exercicio aplicaranse os **Criterios recollidos na seguinte rubrica de corrección:**

Na realización da proba práctica o/a aspirante deberá realizar unha exploración ecográfica do abdome no can o máis completa posible, valorando de xeito sistemático e pormenorizado tódalas estruturas posibles cos medios ó seu dispor.

A rúbrica aplicable será a seguinte:

	<b>Deficiente</b>	<b>Regular</b>	<b>Bo</b>	<b>Excelente</b>
<b>Manexo do equipo ecográfico</b>	Non é capaz de manexar as diferentes capacidades do equipo.	Ten un control mínimo do equipo.	Manexa os controis básicos necesarios para facer un exame ecográfico rutineiro.	Manexa os controis avanzados do equipo para a exploración ecográfica avanzada.
<b>Identificación de estruturas</b>	Identifica os órganos de maior volume de xeito xeral.	Identifica os órganos fundamentais de xeito básico.	Identifica tanto os órganos fundamentais como aqueles de dificultade media.	Identifica tódalas estruturas ecograficamente avaliábeis nun abdome canino.
<b>Valoración de estruturas</b>	Non avalía correctamente as estruturas visualizadas.	Avalía de xeito superficial as estruturas observadas.	Avalía de xeito sistemático e completo as estruturas observadas.	Avalía as estruturas de forma avanzadas cas ferramentas ecográficas dispoñíbeis.

En Lugo, o 12 de decembro de 2023  
O presidente da comisión  
Antonio González Cantalapiedra

